



Estamos a nada de facelo todo

Conscientes do momento histórico que nos toca vivir, as mozas e mozos non nos rendemos. Seguimos impulsando o cambio político para conseguir o país que soñamos, no que ninguén volva decidir sobre as nosas vidas sen contar con nós.

Medramos coa crise e non coñecemos máis proxecto de vida que a precariedade, pero temos moi claro quen nos está arruinando o futuro e roubando os dereitos. Son os mesmos que preferiron axeonllarse e elixiron o pago dunha débeda ilexítima antes que coidar a soberanía e o benestar da nosa patria; aqueles que, mentres impuñan recortes nas nosas escolas, regalaban miles de millóns de diñeiro público aos responsables da crise; os que din que, se non podemos acceder á universidade, é porque non nos esforzamos o suficiente mentres recortan en bolsas, soben as taxas e teñen mestrados regalados. Os nosos inimigos non son os e as migrantes que foxen da guerra e do espolio dos seus países, por máis que algúns queiran confundirnos, senón eses señores con gravata que, mentres esnaquizan os dereitos laborais e nos deixan salarios de miseria, ofrecen todo tipo de privilexios fiscais ás grandes empresas que nos explotan. A nosa inseguridade non ten que ver con lazos amarelos nin con bandeiras, senón con aqueles que responden con represión e censura cando esiximos máis democracia, privatizan sectores estratéxicos e servizos públicos para xubilarse en consellos de administración e négannos o dereito á vivenda para especular con ela; aqueles que invisibilizan o noso traballo e queren decidir sobre os nosos corpos, ou non nos permiten dispoñer das nosas cidades para xestionar o noso propio lecer e convertelo en dereito.

Fronte a eles, está a mocidade precaria que xa non ten medo. Dicián que non había alternativa, pero espertamos un 15 de maio e este país cambiou para sempre. Dixéronnos que non se podía, e asolagamos de esperanza as urnas e de pobo as institucións. Trataron de convencernos de que estabamos soas, e xuntas deixamos claro o 8 de marzo que sen nós o mundo párase. Pero temos a mirada longa e imos lonxe, sabemos que será precisa toda a nosa forza. Por iso precisamos escoitarnos, aprender, pensar e empoderarnos xuntos e xuntas; necesitamos organizarnos para empuxar todas a unha.

Con este obxectivo nace Rebeldía, unha ferramenta para afrontar o reto organizativo que temos por diante e comezar a construír coas nosas propias mans o país que queremos. Construír xunto aos nosos veciños e veciñas, compañeiros e compañeiras, dende as prazas, dende os centros de traballo, nos institutos e facultades, nas redes e sobre os escenarios, despregando espazos de participación xuvenil en cada recuncho da nosa realidade cotiá. Porque sabemos que ante problemas comúns a resposta só pode ser colectiva. É o momento de dar un paso á fronte para seguir avanzando, de levantar a bandeira da dignidade e a alegría ante quen só ofrece odio e servidume. É agora cando debemos unir as nosas voces, falar entre nós da nosa realidade e evitar que sexan outros os que definan que é ser novo e cales son os nosos desexos e problemáticas, para recuperar o poder sobre as nosas vidas dende a fraternidade que nos ensina o feminismo e coa diversidade por fortaleza. A Rajoy botámolo tamén os mozos e mozas, pero queda moito camiño por andar. Ningún goberno protexerá o que outras persoas gañaron para nós se non estamos en garda, ningunha institución nos regalará nada que non pelexemos, porque a historia demostrounos que os dereitos conquístanse e deféndense nas rúas.

A responsabilidade é enorme, pero non nos botaremos atrás, pois somos conscientes de que sen a forza da mocidade ningún cambio real será posible. E é que, como escribiu un poeta desa España da que si nos sentimos orgullosas, Miguel Hernández, «la juventud siempre empuja, la juventud siempre vence».

Adiante, compañeiras e compañeiros, porque se avanzamos xuntos,
o futuro é noso.



4 de novembro de 2018